



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN  
DATA 4 DE DECEMBRO DE 2014.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDESA-PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García.

**CONCELLEIROS:**

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D. Vicente Hermida Rodríguez., D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D<sup>a</sup>. Olaia Casas Chaves, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Vale López, D. Celestino Valentín García Paz, D<sup>a</sup>. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

**AUSENCIAS:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Gueimunde González,

**INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN)**

D. Sergio Aguado Delicado

**SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catro de decembro de dous mil catorce, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DE ACTAS DE DATA 06/11/2014 E 27/11/2014.**

Non existindo observación algunha, por unanimidade, apróbanse as actas das sesións celebradas polo Pleno da Corporación en data 06/11/2014 e 27/11/2014.

**2.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.



Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

### **3.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2013.**

Vista a proposta da Alcaldía en orde á aprobación da Conta Xeral do exercizo 2013.

Resultando que a mesma se dictaminou favorablemente pola Comisión Especial de Contas e estivo exposta ó público sen que se presentase alegación ou reclamación algunha.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Concelleira de Facenda, D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguiar, para dicir que se trata da aprobación da Conta Xeral do exercizo 2013, que xa pasou por todos os mecanismos que impón a lei, estivo a exposición pública e non houbo alegacións.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que esta Conta Xeral chega ó Pleno fóra de prazo, xa que a Comisión Especial de Contas teríase que ter reunido antes do 1 de xuño e fíxoo por primeira vez o 14 de outubro, e debería terse aprobada polo Pleno antes do 1 de outubro. Manifesta que Turviveiro e Aparcamentos A Mariña seguen tendo resultados negativos, que hai operacións pendentes de aplicar de máis dun millón de euros, e que figura un endebackamento de 882,50 euros por habitante. Sinala que o esforzo en inversión resulta ridículo, e que non se realiza o informe de fiscalización plena que esixen as Bases de Execución do Orzamento. Tampouco se cumpre cos límites de débeda pública e o período medio de pago sitúase en 138 días, multiplicándose no cuarto trimestre case por tres o prazo de pago establecido na lei. Engade que se aproban facturas con reparos de intervención, reparos que en ocasións veñen dados pola falta de tramitación de contratos, aprobándose tamén facturas onde se incumpr o prazo para expedición das mesmas, con reparos suspensivos, tamén recoñecendo obrigas por servizos non prestados. Indica que son contas que supoñen un lastre e que o Grupo do P.P. quere que se corrixa o que califica unha forma nociva de gobernar, malgastando os recursos de forma ineficaz.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que coinciden en parte co que expuxo o portavoz do Grupo do P.P. Sinala que o seu grupo ten grandes preocupacións sobre a situación económica do Concello, indicando que non se cumpre co obxectivo de débeda pública, non habendo política para reducila, o que obrigará a aprobar un plan de reequilibrio financeiro, aumentándose o período medio de pago no cuarto trimestre. Engade que Turviveiro ten perdas e non se observan cambios, polo que está abocada á xestión municipal ou á contratación, entendendo que debe acoller o Concello a prestación dese servizo, cunha mellor xestión. Aparcamentos A Mariña tamén segue igual nos últimos tres anos, e votan en falta unha política económica normalizada, xa que os orzamentos e as contas chegan sempre fóra de prazo, e observan que non se fai nada para corrixir isto, polo que anuncia que votarán en contra. Sinala tamén que no caso do contrato do servizo de recollida de lixo, éste remata no 2015, e a partir de ahí haberá que facer un estudo para ver se se debe levar o servizo externamente ou mediante xestión directa. Tamén apunta que o servizo de axuda no fogar vence agora e tampouco se coñece como se vai xestionar.



Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo non está de acordo nas formas nin na xestión económica. Sinala que o problema é difícil debido ó endebedamento que se arrastra dende hai moitos anos, xa que no ano 1999 xa houbo que facer unha reestructuración de pasivos. Apunta que os recursos seguen sendo os mesmos e non hai moito onde recortar. Engade que as empresas municipais cando algúns apuntaban certas cousas decíanlles que se querían cargar postos de traballo. Di que hai lastres para o Concello como é o conservatorio, que debería asumir a Xunta de Galicia. Pero entende que as contas son as que hai e non hai outras, e que se deberían facer en tempo e forma, pero non se solventa nada con non aprobalas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguiar, para dicir que a débeda que tanto preocupa a algúns, o Ministerio de Facenda autorizou ese préstamo co Plan de pago a provedores, onde todos os concelleiros votaron favorablemente e o Ministerio autorizou ese préstamo. Di que se está por encima do 110%, pero con autorización dese momento do Ministerio. Manifesta que di D. Antonio Bouza Rodil que hai pendentes de aplicar ó orzamento, pero tamén hai un Remanente de Tesourería de 1.800.000 euros. Sinala que sabe que a algúns lles preocupa que o Concello pague as súas débedas e o que encarga, pero logo din que se gasta moito e van ter que aclarar esa contradicción, indicando que o equipo de goberno gasta no que lle parece adecuado, como en cultura, en axuda no fogar (para a que a Xunta non aporta diñeiro), no conservatorio, etc, e esas deberían ser as preocupacións, estándose a financiar neste momento case todos os servizos polos veciños de Viveiro. Agradece ó interventor por delegación o seu traballo, xa que no ano 2012 aprobáronse as contas de 2009, 2010 e 2011, cun retraso reiterado dende hai moito tempo, polo que comparando co que se estaba facendo agrádecese o esforzo para cumprir os prazos.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, para dicir que agradece a labor do interventor por delegación, xa que tivo que actualizar todas as contas porque o anterior interventor non fixo o seu traballo, e nun tempo récord actualizouse todo, e agora lévase pouco retraso, e engade que para que o Concello gastase menos habería que pedirlle á Xunta que sufragase servizos, porque a Xunta de Galicia non lle dá nada ó Concello de Viveiro.

Non existindo máis debate procédese á votación, co seguinte resultado: 8 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e i.V.i. e 8 votos en contra correspondentes ós grupos do P.P. e B.N.G. Repítese a votación acadándose o mesmo resultado, polo que se procede ó desempate co voto de calidade da Sra. Alcaldesa-Presidenta, aprobándose co voto de calidade a Conta Xeral do exercizo 2013.

#### **4.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 218 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.**

A Sra. Alcaldesa dá conta dos informes emitidos no exercizo 2013, segundo o establecido no artigo 218 do TRLRFL, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado dos referidos informes.



## **5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE A ADHESIÓN Ó SISTEMA DE SEGUIMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.**

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Vale López, que procede á lectura da moción, que en resumo di que o Sistema de Seguimento Integral da Violencia de Xénero (VIOGEN), creouse ó amparo da Lei Orgánica 1/2004. É un sistema informático integral que recolle a información e os recursos operativos necesarios para asistir ás mulleres vítimas da violencia de xénero, sendo o seu obxectivo principal a prevención, a través dunha base de datos común para mellorar a eficacia no seguimento das circunstancias que concorren en cada unha das mulleres que sufriron malos tratos, evitando na medida do posible un novo acto de violencia. Este procedemento permite ter unha constancia permanente da situación das vítimas, actualizando a estimación do risco cando se modifiquen as causas valoradas inicialmente ou se teña constancia de novos datos, para o que conta con alarmas que se activan cando se dá algunha circunstancia grave para a vítima, como a saída do cárcere do agresor, violación das condicións da orde de protección, reanudación da convivencia, etc. Este sistema pretende integrar a todas as institucións públicas con competencia nesta materia para reunir toda a información nunha soa base de datos e implantar un sistema de notificacións automatizadas para os profesionais adicados á atención das vítimas de violencia de xénero, tendo acceso a esa información as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, as Policía Locais, o Poder Xudicial, Institucións Penitenciarias, Delegacións e Subdelegacións do Goberno e as Unidades de Violencia de Xénero dependentes das Subdelegacións do Goberno de cada Comunidade Autónoma, propoñendo ó Pleno que se acorde que por parte do goberno local se proceda á adhesión ó VIOGEN para poder lograr unha resposta rápida e eficaz ante esta terrible lacra social, e facultar á Sra. Alcaldesa a que realice os trámites necesarios para a adhesión.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguiar, para dicir que ó seu grupo lle parece ben que haxa moitas bases de datos onde estean establecidas as persoas con denuncias, pero iso non chega porque o que fai falta son políticas reais para que as mulleres que a sufren podan ter independencia, para o que ten que haber axudas económicas para elas e os seus fillos para que non teñan que seguir dependendo do agresor, polo que se ten que deixar de facer recortes na xustiza, e que a policía teña departamentos para atendela. Engade que o seu grupo vai votar a favor porque non se opoñen a que haxa unha base de datos, pero reivindicán que o P.P., que é quen goberna, faga políticas reais, xa que entenden que isto non serve para nada se non vai acompañado do resto de políticas contra a violencia de xénero.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D<sup>a</sup>. Olaia Casas Chaves, para dicir que o seu grupo entende que a posición ten que ser sempre favorable para acabar con esta lacra social, pero considera que teñen que ser sistemas que funcionen e considera que as noticias sobre o VIOGEN non son moi alentadoras, sinalando que saíu publicado un informe no que a policía asumía fallos na detección do risco das denunciadas, considerando en supostos de falecidas que non estaban en situación de risco ou que a posibilidade de risco era media ou baixa, catorce vítimas denunciadas e o sistema non funcionou. Engade que o propio Consello Xeral do Poder Xudicial propón que se adopten máis medidas de control para salvagardar ás vítimas, polo que algo falla. Trátase dun sistema informático que depende de que as persoas introduzan uns datos. Considera que esta moción se queda un pouco escasa nos puntos a aprobar porque non se aclara en que condicións se asinaría esa adhesión e quen serían os axentes locais que participarían, se sería só a policía local ou tamén os servizos sociais e sanitarios, nin que formación se lles daría e en base



a que orzamentos, polo que adherirse sen saber en qué condicións sería votar sobre algo sobre o que non hai datos. Apunta que no Parlamento de Galicia o B.N.G. presentou unha campaña de 10 medidas, entre as que se atopa un plan xeral de educación, unha prestación económica garantida todo o ano para as mulleres, etc. Engade que detrás de todo isto ten que haber medidas e políticas reais, e propón que se retire esta moción para estudar en que condicións se vai producir a adhesión, e en caso contrario se permita engadir o traslado á Xunta de Galicia para o desenvolvemento urxente do artigo 39 da lei galega para recoller axudas periódicas ás mulleres, que a Xunta non mire para outro lado neste tema, xa que todos os pasos son bos pero este sistema non é suficiente.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Vale López, para dicir que a moción non se vai retirar, e que non se vai modificar a moción, sen prexuízo de que o B.N.G. traslade á Xunta o que considere, indicando que na exposición de motivos está claro que axentes van traballar neste sistema e non supón gasto algún para o Concello.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D<sup>a</sup>. Olaia Casas Chaves, para dicir que segue sen ter claro quen vai formar parte deste sistema, indicando que votarán igualmente a favor, coas consecuencias de saber que a Xunta de Galicia está mirando para outro lado, e sen saber que consecuencias vai traer a adhesión para o Concello, pero están a favor de todas as medidas contra a violencia de xénero, aínda que esta medida soa a consideren insuficiente.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo xa deixou claro en moitas ocasións, que o fin é necesario e que apoiarán calquer esforzo, por mínimo que sexa, para evitar esta lacra, aínda que o P.P. noutros puntos non votase a favor, indicando que van apoiar a moción.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que todos os anos se recibía dende a época do bipartito da Xunta de Galicia, un programa para salarios da liberdade (mulleres que sufriron a violencia de xénero), era un salario durante un ano, traballando en diferentes servizos do Concello, e este ano había catro casos e non se concedeu nada dende a Xunta. Entende que un dos obstáculos para acabar con esta lacra é a crise que lles impide a moitas mulleres saír da violencia.

Non existindo máis debate procédese á votación acordándose, por unanimidade, aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal do P.P., do seguinte xeito:

Primeiro.- Que por parte do goberno local se proceda á adhesión ó Sistema de Seguimento Integral da Violencia de Xénero (VIOGEN) para poder lograr unha resposta rápida e eficaz ante esta terrible lacra social.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa a que realice os trámites necesarios para a adhesión ó Sistema VIOGEN.

## **6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE A ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS-FEMP.**

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, para dicir que a Central de Contratación posta pola FEMP ó servizo das Entidades Locais, mediante a que os



Concellos teñen a opción de contratar determinados servizos. Hoxe hai 500 adhesións que obterían un prezo máis favorable en diversos contratos, prestándose ademáis o servizo de asesoramento xurídico como é a elaboración de pregos. A Adhesión non implica en ningún caso contratar coas empresas que estean adheridas. Manifesta que entende que o Concello debería contratar con provedores locais sempre que se poda, pero hai servizos como o gas, a telefonía, a enerxía eléctrica, os seguros, etc, que teñen un custo no Concello de Viveiro dun millón de euros en total, polo que entende que o Concello podería adherirse para conseguir un menor custo e aproveitar esa adhesión.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se sorprende de que o P.P. presente esta moción con campañas preelectorais de comercio, recollida de sinaturas, etc. Sinala que o equipo de goberno xa coñecía a existencia desta Central de Contratación, que xa recibiu información sobre a mesma e considerou que os contratos que se ofrecían neste momento para acollerse, que eran tres, o único ó que se podería adherir era o de subministro de gasóleo para calefacción, e para ese servizo hai empresas na comarca, entendendo que a día de hoxe non lle convén ó Concello a adhesión polo que anuncia que votarán en contra.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que tamén este servizo podía prestarse pola FEGAMP e serían empresas de Galicia. Considera que cada vez se quitan máis comptentecias ós Concellos, entendendo que é máis transparente que o Concello faga a súa compra e presente a súa factura ós veciños, xa que facéndose en Madrid non se coñece como se faría, ademáis de eliminar ás empresas pequenas da posibilidade de acceder ós contratos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo está en contra, xa que son partidarios de que primeiro hai que dar de comer ós autónomos e pequenas empresas, considerando que o fin último desta Central de Contratación é unha forma de autofinanciación da FEMP, xa que se pide unha aportación ás empresas, tendo o subministro do gasóleo de calefacción Repsol, cun desconto de 3,5%. Considera que se trata de contratos con empresas nas que se sabe quen forma parte dos consellos de administración, indicando que o seu grupo non está de acordo con estes plantexamentos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, para dicir que se trata dun servizo sen custo, que non obriga a contratar os servizos polo que respecta a autonomía local. Respecto ó pequeno comercio, indica que cren que o que se poda contratar con pequenas empresas, na medida do posible, debe contratarse con elas, pero considera que hai contratos como a enerxía eléctrica que se ten que acabar contratando sempre coas mesmas empresas, polo que é moi bo que se poda aforrar un 3,5%, que para o Concello de Viveiro suporía uns 700.000 euros ó ano. Engade que se pode contratar o que se queira a través da Central, polo que coa ahesión non se perde nada, e recalca que a adhesión non obriga a acollerse a ningún contrato, polo que non ve cal é o problema de acollerse a esta posibilidade e conseguir aforro en determinados contratos que non se prestan por pequenas empresas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o acordo regulador do funcionamento da Central de Contratación establece que a adhesión non suporá a obriga de efectuar todas as contratacións, polo que non queda claro se haberá que adhrirse ou non a algún dos contratos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que aquí se fixo unha obra importante a través da plataforma da Mariña, pelexándose coa Consellería de





Industria, e engade que dixeron que os contadores eran ilegais, e con estudos dunha empresa o Concello tivo moito aforro en facturas de enerxía eléctrica polo que se pode conseguir aforro igual sen adherirse á Central.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para dicir que non se está obrigado a adherirse a ningún contrato, que o consultaron coa FEMP. Manifesta que ó seu grupo non lle preocupa que a FEMP se autofinancie con este servizo, cando ó Concello lle poda supoñer un aforro, xa que podía conseguir aforros, pero alá cada un coas súas responsabilidades.

Non existindo máis debate procédese á votación rexeitando a moción presentada polo Grupo Municipal do P.P., con 11 votos en contra correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.I., e 5 votos a favor correspondentes ó grupo do P.P.

### **7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. CONTRA A POSIBLE ELIMINACIÓN DO CUARTEL DA GARDA CIVIL DE VIVEIRO.**

Intervén en representación do grupo Municipal do i.Vi., D. Jesús Fernández Fernández, para manfiestar que ante as noticias que saíron en varios medios de comunicación que por parte da AUGC se pensa que deben quedar como cuarteis principais da Garda Civil na provincia de Lugo, os de Burela, Ribadeo, Sarria e Viveiro, indicando que para a comarca de Viveiro deberían recolocarse os números, quedando algúns dos postos como meras oficinas administrativas, o que entenden que sería prexudicial para o Concello de Viveiro. O destacamento de Viveiro leva preto de 80 anos servindo e garantindo a seguridade da poboación non só de Viveiro senón tamén doutros Concellos limítrofes como Oourol, ou reforzando nas gardas os de Vicedo ou Xove, sendo recentes as obras de remodelación das oficinas e vivendas da casa-cuartel ou as referentes á instalación da garda civil do mar, habendo na actualidade 12 gardas civís, con dúas prazas máis sen cubrir. Engade que o Subdelegado do Goberno xa ten constancia destas pretensións, e considerando que o Concello de Viveiro é o que conta con máis poboación da mariña e o terceiro da provincia de Lugo, polo que aínda que algún portavoz dixo que eran alarmistas, por precaución propoñen solicitarlle información á Subdelegación do Goberno sobre a reestruturación dos cuarteis da Garda Civil na provincia de Lugo, e en especial na comarca da mariña lucense, rexeitar a posible eliminación da Garda Civil no Concello de Viveiro e dar traslado ós concellos limítrofes de O Vicedo, Oourol e Xove, para se teñen a ben aproben tamén esta demanda e presten o seu apoio, para que o cuartel da Garda civil de Viveiro continúe prestando o seu servizo á cidadanía.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, para dicir que a AUGC é unha especie de sindicato e esta petición ven dende antes do 2010. Manifesta que a raíz de que se publicase esta noticia, a Dirección Xeral da Garda Civil e Subdelegado do Goberno garantiron que non se ía pechar ningún cuartel, entendendo que gran parte do valor da garda civil é pola súa ampla implantación territorial. Na subdelegación informaron que non se ía producir este feito, polo que Viveiro seguirá contando coa garda civil e coa garda civil do mar. Di que teñen a garantía de que isto será así polo que o seu grupo se vai abster xa que o que se pide xa se ten.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que oxalá sexa así pero o seu grupo vai votar a favor, xa que consideran que o i.V.i. non é alarmista, tal e como se ve que suceden as cousas, polo que está ven adiantarse ós acontecementos.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que lle recomenda á Sra. Alcaldesa que lle pregunte ó grupo do P.P. sobre todas as cuestións que queira saber, xa que anuncian antes que ninguén o asunto dos cuarteis da garda civil, incluso as obras moito antes que outras administracións, e tamén se reúnen antes que a Alcaldesa cos organismos oficiais. Manifesta que respecto a este tema o seu grupo se vai abster.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que Viveiro ten un problema moi grande, xa que todas as informacións alleas ó Concello só as coñece o grupo do P.P., e os demais como non as coñecen teñen que presentar mocións. Manifesta que o seu grupo cando non sabe pregunta e cando se dicía que se ían pechar os xulgados foi alí, agora foi ó cuartel da garda civil, e soubo que antes do 2010 houbo unha reestructuración, pero na provincia de Lugo non, e agora está en mente facer unha reestructuración e os cuarteis que teñen poucos efectivos vanos achegar a outros máis grandes, dicíndolle ó representante do P.P. que como está en Madrid cre que o sabe todo. Engade que o Sr. Bouza dicía que o i.V.i. alarmaba con que se ía eliminar a oficina liquidadora de Viveiro e eliminouse, sinalando que se quere lle trai o recorde de prensa que o ten gardado. Di que a levaron para Lugo e hai que pagar nas entidades bancarias igual, pero para a tramitación de consultas hai que ir a Lugo. Respecto ó Hospital da Costa di que os médicos votan chispas porque se dirixe dende Lugo, e di que o i.V.i. non quere que se eliminen servizos de Viveiro polo que por precaución presentan esta moción.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Jaime de Olano Vela pra dicirlle ó P.S.O.E. que entón tamén na moción anterior por prevención podían votar a favor, pero non o fixeron, cando alí se falaba do diñeiro dos veciños, entendendo que será por cuestións partidistas. Di que se poden facer as consultas en Lugo por teléfono, e dille ó i.V.i. que a nota de prensa á que aludía a asinaba él, non o sr. Bouza, e que os tacha de alarmistas, xa que naquel momento dicían que se ían pechar os xulgados e non foi así, incluso se van facer obras, tamén dicían que ía haber que ir presentar impostos a Lugo e non é así, e as consultas resólvense por teléfono, e o Hospital da Costa tamén se vai ampliar, pero non teñen porque crer ó grupo do P.P.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicirlle ó Sr. Jaime de Olano que cando fala él non se rí, pero sen embargo ó revés sí. Engade que a reestructuración xudicial lle custou a dimisión a Gallardón, e que cando veu a Galicia foi cando se deu conta da situación específica desta Comunidade, e en Madrid estivo a previsión de deixar un só partido xudicial na provincia.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, para pedir disculpas polas risas sinalando que procurará que non volva a suceder. Manifesta que descoñece se Gallardón dimitiu polo tema da reestructuración xudicial, e di que é conveniente distinguir entre partidos xudiciais e xulgados, e recalca que dixeron aquí que so xulgados ían desaparecer e están ahí. Engade que os tachara de alarmistas porque din cousas que non son certas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que as leccións de moralidade están ben pero engade que o P.P. saíu na prensa dicindo que o problema de Covas se debía ó Concello e iso sí que é alarmar.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, para dicir que iso non se dixo, e que o grupo do P.P. mantén o sentido común.





Non existindo máis debate procédese á votación acordándose con 8 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e i.V.i. e 8 abstencións correspondentes ós grupos do P.P. e B.N.G., aprobar a moción presentada polo i.V.i., do seguinte xeito:

Primeiro.- Solicitalle información á Subdelegación do Goberno en Lugo, sobre a reestructuración dos cuarteis da Garda Civil na provincia e en especial na comarca da mariña lucense.

Segundo.- Rexeitar a posible eliminación da Garda Civil no noso Concello.

Terceiro.- Dar traslado ós concellos limítrofes de O Vicedo, Ourense, e Xove, para que se teñen a ben aproben tamén esta demanda e presenten o seu apoio, para que o cuartel da Garda Civil en Viveiro continúe prestando o seu servizo á cidadanía.

### **8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS DA XUNTA DE GALICIA A MELLORAR A SEGURIDADE DA ESTRADA LU-540 ENTRE MURAS E VIVEIRO.**

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo que procede á lectura da moción, que en resumo di que a estrada LU-540, que une Viveiro con Roupas, pasando pola Gañidoira, é unha das vías máis transitadas polos veciños e veciñas de Viveiro e arredores e son moitos os condutores que a empregan a diario para acudir ós seus postos de traballo así como para o reparto de camións e furgonetas. Nesta estrada coa chegada do inverno vense as súas deficiencias, como o pintado das liñas, invisibles en días de choiva e néboa, o que provoca inseguridade para os usuarios da vía, continuando o problema dos animais soltos na estrada, cunha presenza constante e perigosa para os condutores, polo que piden que se adopte un acordo de instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia a executar o pintado inmediato da LU-540, entre Viveiro e Roupas, pola Gañidoira, instar a dita Consellería a colocar elementos de seguridade nos bordes da estrada, que impidan a presenza de animais salvaxes na vía e remitir o acordo ós grupos políticos con representación no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados. Manifesta que esta cuestión xa se debateu varias veces, cunha moción do i.V.i. e que agora é unha cuestión solicitada por usuarios da vía e transportistas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz, para dicir que é unha moción na que se trata a seguridade vial, e este tema é unha cuestión de moito interese. Manifesta que lle parece correcta a exposición de motivos, indicando que a finais de 2011 xa se trouxo outra similar ó pleno. Considera que o pintado non está correcto, e o problema dos animais é un tema sensible, habendo no 2012 unha mala racha de accidentes, e coa néboa a veces non se ve a dous metros de distancia. Di que naquel pleno xa se comentaba que había sinais de advertencia de animais, pero que os animais non sabían ler, e falábase de pasos canadienses, ultrasons, etc. Di que se alegra de que se recorden desta zona da estrada.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o seu grupo vai votar a favor e que se trata dun problema evidente.

Intervén en representación do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que o 28 de novembro de 2011 o i.V.i. presentara unha moción moi parecida a esta xa que houbera moitos accidentes e había que tomar medidas. Di que un veciño de Viveiro recollera sinaturas naquel momento e enviounas ó Valedor do Pobo, pero ninguén lle fixo caso, nin á moción aprobada por



unanimidade naquel momento no Pleno, e van tres anos sen que a Xunta atendese a esa demanda, dicindo que se alegra que se volva a traer este asunto ó Pleno a ver si desta ocasión fan caso.

Non existindo máis debate procédese por unanimidade á aprobación da moción presentada polo B.N.G., do seguinte xeito:

Primeiro.- Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia a executar o pintado inmediato da LU-540, entre Viveiro e Roupar, pola Gañidoira.

Segundo.- Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia a colocar elementos de seguridade nos bordes da estrada, que impidan a presenza de animais salvaxes na vía.

Terceiro.- Remitir o acordo ós grupos políticos con representación no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **A.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 28/11/2014 (Nº DE REXISTRO 8.755)**

A mediados do mes de novembro, o noso grupo reuniuse coa Directiva do recién creado Celeiro Club del Mar del de fútbol, que despois de varios anos ven de retomar esta práctica deportiva como club para gozo e disfrute, entre outros, dos veciños de Celeiro.

Nesta reunión, este club manifestábanos a súa preocupación polo pouco apoio recibido ata o momento polo equipo de goberno socialista. O club solicitou dende un principio, utilizar as instalacións de Lavandeiras, sen que a día de hoxe se lles teña dado unha resposta concreta sobre o que vai pasar con estas instalacións, e o seu posible uso pola entidade deportiva. O propio club, ante o evidente estado de abandono no que se encontran, non so lle propuxeron o concello algunha solución, senón que mesmo se ofreceron para levar o seu mantemento.

Tampouco se lles permitiu usar o campo de fútbol de Galdo, ó obxecto de que o club dispuxese duns mellores horarios dos que disfruta na actualidade. A día de hoxe, adestran e xogan no Cemedo, aínda que siguen esperando que se adecente un campo adxacente ó principal, o que sen dúbida contribuiría a aliviar a saturación deste campo e mellora nos horarios.

Por outra banda, a colaboración económica, cifrada nuns 750 euros para cubrir os pagos dunhas fichas, tampouco chega, a diferenza do que si pasa con outros clubs do noso concello, que reciben cantidades bastante máis significativas.

Por estes motivos lle preguntamos ó equipo de goberno:

1. Cal é a razón pola que este Club non pode utilizar, dun xeito regular as instalacións do campo de fútbol de Galdo para adestrar e xogar alí os seus partidos?.



2. Cando teñen previsto arranxar o campo anexo ó principal do Cemedo, para poder mellorar os horarios e a capacidade dos adestramentos?.
3. Cando teñen previsto o arranxo das instalacións de Lavandeiras para que este club as poida utilizar?.
4. Teñen previsto dotar de vestiarios e vallar o campo de Lavandeiras para que ditas instalacións sirvan para a competición de fútbol?.
5. Teñen previsto algún tipo de colaboración económica con este Club?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que esta pregunta xa a fixo o B.N.G. no anterior pleno. Ó Celeiro Club de Mar estáselle buscando acomodo, xa que a capacidade económica e as instalacións non son ilimitadas, deixándoselles o campo de fútbol artificial no que entrenan mércores e venres. O de Galdo está cedido á Comunidade de Montes. Di que se acusa ó goberno municipal de realizar gastos por enriba das posibilidades e logo piden que se realicen obras, e recalca que a Xunta de Galicia para deportes ó concello de Viveiro nos últimos cinco anos non aportou un euro. Tamén se lles cedeu un local do Concello que o teñen como domicilio social. Engade que se colaborou con eles nunha sardiñada para recadar fondos e di que cando se arranxe o campo (que o van facer os organizadores do Resurrection Fest), deixaráselles, así como os vestiarios da piscina. Engade que se falou en moitas ocasións con eles, tamén o concelleiro de deportes e que terán axudas como todos, pero hai que ir pouco a pouco.

#### **B.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 27/11/2014 (Nº DE REXISTRO 8.740)**

1) Na sesión plenaria do 6 de marzo de 2014, este grupo municipal nun rogo dirixido á Alcaldesa pedíamolle que se dera prioridade á reparación de todas as anomalías que presentaba a rúa de acceso ó antigo colexio público de Covas. A resposta que se nos deu foi que tiñan a idea de substituír nun tramo o alcantarillado, poñer recollida de augas e pavimentar a zona. Transcurridos nove meses dende aquela, as obras non están feitas e a día de hoxe esta rúa non está igual de mal, senón peor. Por este motivo lle preguntamos á Alcaldesa:

- Teñen pensado acometer estas obras tan necesarias?.
- En caso afirmativo, en que data prevén comezalas?.
- Cal é o tramo que se vai a facer?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a rúa de acceso ó colexio de Covas reparouse a finais de 2011, realizando as obras a empresa Villasuso, que se deteriorou por culpa da rede de sumidoiros que o goberno do P.P. deixou en mal estado, e que se vai proceder a solucionar un problema de suministro a varias vivendas e irase facendo cando a empresa teña dispoñibilidade.

2) No paseo marítimo de Covas, á altura do parque infantil, hai un tramo de farolas de fundición – en concreto oito- que levan algúns meses sen funcionar. Por esta razón lle preguntamos á Alcaldesa:

- Que motivos hai para que estas farolas non funcionen?
- Teñen prevista a súa reparación inmediata?



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o electricista di que no seu momento non funcionaban e que se revisou a avaría e non se viu nada. A empresa OTELEC tampouco observou nada e di que se levará o seguimento para ver cal é o problema.

3) Este grupo municipal e outros grupos, temos preguntado en pleno pola situación dos semáforos situados fronte a Cruz Vermella en Viveiro e nos Catro Camiños en Celeiro, como consencia de que levan máis dun ano sen funcionar con normalidade, por eso lle preguntamos á Alcaldesa:

- Cando teñen previsto arranxar estes semáforos para mellorar a seguridade nestas zonas?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se dirixiron á empresa que leva o mantemento para solucionar o máis rápido posible.

#### C.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 28/11/2014 (Nº DE REXISTRO 8.754)

O pasado 20 de novembro a Alcaldesa anunciaba, en distintos medios de comunicación, que o día anterior se reunira con técnicos e co Xefe Provincial de Costas, para facer unha valoración no tema da praia de Covas e o seu paseo marítimo. Como queira que o noso grupo promoveu e solicitou se fixese dita reunión, pedindo expresamente que acudiran á mesma os outros portavoces da Corporación, e polo que lle rogamos á Alcaldesa:

1. Que se nos informe dos resultados ou propostas que saíron desta reunión co Xefe provincial e técnicos de Costas.
2. E que tal e como lle solicitábamos na nosa petición, que se convoque os veciños afectados para comentarlles o resultado da citada reunión.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que antes de que o P.P. alarmase desta situación e votase a culpa ó Concello, o concelleiro de obras e a alcaldesa xa falaran con Costas, que é o competente. O problema débese ós espigóns e construcións do paseo, e non ten unha solución concreta, e xa se falou co director de Costas e está pendente unha reunión cos voceiros, estase concretando unha cita común.

#### D.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. EN DATA 02/12/2014 (Nº DE REXISTRO 8.841)

1. As veciñas da Rúa Grande en Celeiro, víronse sorprendidos pola colocación de sinais de prohibición de estacionar nas marxes da vía. Na zona entre o acceso a Roufelle e os Catro Camiños a sinalización impide estacionar en ámbalas marxes da rúa, precisamente na zona que conta con máis ancho de vía. Entre o acceso a Roufelle e o Rego da Fonte só no marxe dereito, e na continuación do cruce co Rego da Fonte só no marxe esquerdo. O goberno municipal, na liña habitual, non informou ás veciñas e veciños deste cambio, realizado sen previo aviso, e máis nunha zona onde non existen aparcamentos públicos.



Dende o grupo municipal do BNG instamos en varias ocasións ao goberno municipal a realizar un Plan de Tráfico en Celeiro, que resolva a circulación no pobo, sen que se tivera avanzado nada no asunto, é por isto que preguntamos:

¿Ten pensado o Goberno municipal manter a sinalización actual da rúa? ¿Quen tomou a decisión de modificar a sinalización? ¿Existe informe da Policía Municipal sobre o asunto?. ¿Ten pensado o Goberno Municipal realizar un Plan de Tráfico en Celeiro?.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que ten un informe emitido polo inspector da policía local que procede á súa lectura íntegra, ofrecéndolle copia ó portavoz do B.N.G.:

“Esta Xefatura con relación á sinalización colocada na Rúa Grande de Celeiro informa o seguinte:

1.- Que se recibiron queixas e demandas dos veciños polos problemas que había en dita rúa ao estar vehículos estacionados de forma indiscriminada (estacionados en ambas marxes) e sobre todo por parte dos condutores da recollida de lixo na dita zona, e que en ocasións impediráselles realizar o seu traballo.

2.- Que supervisada dita zona se puido comprobar que non existía sinalización algunha, ben porque nunca a houbo ou por deterioro da existente.

3.- Por todo isto se fixo un estudo por parte desta Xefatura e do Sr. Delegado buscando a maneira de regular a mesma, de tal forma que se prexudicara o menos posible o estacionamento dos vehículos e ao mesmo tempo se garantira a seguridade vial e circulación por dita rúa.

4.- En base ao punto anterior determinouse que no primeiro tramo (desde a LU-862 ata o cruce da Igrexa) ao ter a vía unha anchura entre os 6,30 mtrs. e 700 mtrs. acordouse que toda a marxe esquerda con dirección ao cruce da Igrexa estivera prohibido o estacionamento e na marxe dereita, prohibir o mesmo desde os semáforos ata a primeira intersección (**motivado por que ao estar o cruce regulado por semáforos si se deixase estacionar e houberse vehículos ante dito semáforo a rúa quedaría cortada**) e permitir dito estacionamento desde dita intersección ata o cruce con Rego da Fonte.

Por outro lado, o seguinte tramo descendente de dita rúa, a continuación do cruce da Igrexa, a calzada vai menguando na súa anchura que impide igualmente o estacionamento en ambas márxes incompatible coa circulación de dobre sentido ao ser un tramo sen saída, polo que se autoriza o estacionamento na marxe esquerda e prohibese o dereito facilitando así a dobre circulación.

Achéganse planos e fotografías da zona en cuestión.”

Respecto ó Plan de tráfico de Celeiro indica que os técnicos están traballando nel.

2. Directivos do Viveiro C.F. puxéronse en contacto con este grupo municipal, para trasladarnos a súa preocupación pola situación económica do Club, que consideran de emerxencia. Segundo nos indicaron, tanto o Concelleiro de Deportes como a Alcadesa son coñecedores desta situación.

Ten outorgado o Goberno Municipal algunha subvención ou axuda ao Viveiro C.F. con cargo ao orzamento de 2014? De non ser así, ten previsto facelo antes de que remate o ano? Se ten previsión de outorgala con cargo aos orzamentos de 2014. En que cuantía?.

Intervén a Sr.a Alcadesa para dicir que ó Viveiro Club de Fútbol déuselle unha axuda de 10.000 euros con cargo ó 2013, e cando se iniciou a temporada viñeron desesperados e pagáronse 2 facturas de 11.000 euros con cargo ó 2014, para o 2015 farase unha comisión avalidadora como se aprobou no Pleno.



3. O marcador do pavillón municipal de Deportes, leva varias semanas sen funcionar. Isto provoca problemas no seguimento das competicións deportivas que alí se celebran, así como unha imaxe negativa do noso Concello, cos equipos e seguidores que nos visitan.

¿Ten previsto o goberno municipal, reparar o marcador do pavillón municipal? De ser así, cando ten previsto que se faga efectiva dita reparación?

Intervén a Sra. Aclaldesa para dicir que marcador está en funcionamento dende o martes 25 de novembro. Manifesta que a empresa que se dedica ó arranxo é de Medina del Campo e non hai empresas deste tipo cerca. Engade que o técnico da empresa dixo que creía que era un problema dunha placa onde está o receptor de radiofrecuencia. O concelleiro de deportes envioulla e esixían pagar por adiantado, o cal non se pode facer, e unha vez solventado este problema xa se mandou e esta funcioando.

E.- PREGUNTAS E ROGOS FORMULDOS POLO GURPO MUNICIPAL DO i.V.i. EN DATA 01/12/2014 (Nº DE REXISTRO 8.797)

#### PREGUNTAS:

1. Na acta das comisión de goberno do 15 de outubro de 2014, no cap. 5 apartado B Xun/110/2014, DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO E FORMACIÓN REMITINDO REXISTRO DE RESOLUCIÓN DE BAIXA NO REXISTRO DE CENTROS E ENTIDADES PARA O EMPREGO, ¿a que se debe esta situación?, ¿foi solicitada polo propio Concello ou foi de oficio pola propia Xunta de Galicia?, ¿Qué repercusión terá para o noso Concello?

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que veu unha inspección e os locais que tiñan reservados para cursos dixeron que non estaban homologados e denegaron o curso de SAF pero grazas á Deputación de Lugo hai o mesmo curso. Estase solventando o problema e poñendo ó día este tema.

#### ROGOS

1. Rogamos ao equipo de goberno que nos indique en que punto se atopa o litixio da obra da casa de Calvo Sotelo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que hai unha demanda e estase esperando á celebración de xuízo.

Intervén en representación do Grupo do i.V.i. D. Jesús Fernández Fernández para dicir que a imaxe de que non haxa tres portas non é moi boa.





2. Dun tempo a esta parte están ocorrendo moitos accidentes de tráfico con atropelo de persoas na zona da Misericordia, é polo que rogamos á Sra. Alcadesa nos indique se se vai tomar algunha medida para evitar no posible os sinistros nese punto.

Intervén a Sra. Alcadesa pra dicir que o concelleiro de obras se puxo en contacto coa delegacion de infraestructuras para buscar unha solución. A policía tamén está a facer un informe e falan de pasos elevados e luces.

Intervén em representación do Grupo municipal do i.V.i, D. Jesús Fernández Fernández para dicir que moitos se queixan de que no paso de cebra da rotonda coas plantas tan altas non permite a visibilidade boa dos peóns.

3. O marcador electrónico do pavillón municipal levaba algún tempo sen funcionar, rogamos nos indiquen se xa está reparado.

Xa se considera contestado anteriormente coa pregunta do B.N.G.

4. Veciños do barrio do lugar de Chao en Celeiro, indicáronnos que na entrada pola rúa Santa Ana (onde está a estatua do mariñeiro) hai vehículos que entran a gran velocidade. É polo que rogamos o equipo de Goberno investigue estes feitos e tome as medidas oportunas para que esto non ocorra.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que se transmitirá ó Inspector da Policía para que se tomen as medidas oportunas.

Intervén en representación do grupo municipal do iVi, D. Jesús Fernández Fernández para dicir que é perigoso e alí tampouco hai paso de peóns polo que se pide un pouco de control.

5. No pleno de xaneiro de 2012, por parte deste grupo municipal se solicitaba ao equipo de goberno, información sobre as prospeccións xeofísicas realizadas na nosa ría no mes de outubro de 2011, onde se localizaron ata 11 anomalías de posibles pecios. Rogamos nos indiquen as xestións realizadas, e se o Concello xa ten copia do expediente.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que non ten coñecemento de nada.

Intervén en representación do grupo municipal, do iVi, D. Jesús Fernández Fernández para dicir que nunha conferencia no casino preguntou ó conferenciante e dixo que na Dirección Xeral de Patrimonio facilitaban copia, polo que sería convinte pedir unha copia.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcadesa levántase a sesión, sendo as 22:10 horas do día 5 de decembro de 2014, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.